

Estudo demoscópico sobre a demanda turística no Camiño Inglés

Ano 2023

Antonia Pérez-García
Iria Caamaño Franco
María Elvira Lezcano González
Carlos Rodríguez Carro







Ferrol - Narón - Neda - Fene - Cabanas - Pontedeume - Miño - Paderne -
Betanzos - Abegondo - A Coruña - Culleredo - Cambre - Carral -
Mesía - Ordes - Oroso - Santiago de Compostela

Edita

Universidade da Coruña / Asociación de Concellos do Camiño Inglés

Maqueta

Universidade da Coruña

Imprime

Gráficas LAR

ISBN

978-84-09-55824-7

D.L.

LU 139 - 2023

Año

2023

Estudo demoscópico sobre a demanda turística no Camiño Inglés

Ano 2023

EQUIPO INVESTIGADOR E EDITOR

Antonia Pérez-García

Iria Caamaño Franco

María Elvira Lezcano González

Carlos Rodríguez Carro

EQUIPO COLABORADOR

Silvina López Lema

Sergio Muíño Freire

Begoña Muíño Sar

Rebeca Mourelle Viqueira

Iria Cano Fariñas

CAMIÑO INGLÉS: SATISFACCIÓN E SEGURIDADE

Á hora de elixir un camiño para peregrinar a Santiago ou pasar uns días de vacacións, poucos parámetros hai máis exitosos que os da seguridade do lugar e o elevado nivel de satisfacción co que rematan as persoas esa experiencia.


“O Estudo Demoscópico sobre a demanda dos peregrinos no Camiño Inglés” do 2023, que da continuidade aos de anos anteriores e ofrece claves de gran interese para a nosa asociación, reflicte que o nivel de satisfacción global e a valoración da experiencia no seu conxunto é moi boa.

Ademais, as peregrinas e peregrinos destacan a seguridade como aspecto mellor valorado de todos, obtendo 4,84 puntos en xullo e 4,87 puntos no mes de setembro. Debemos ter en conta este aspecto para desenvolver futuras estratexias de promoción, xa que se trata dunha ruta elixida por unha porcentaxe representativa de persoas que viaxan en soidade, especialmente as mulleres.

Quero agradecer un ano máis á Universidade da Coruña (UDC) o seu traballo na realización deste ‘Estudo Demoscópico sobre a demanda dos peregrinos no Camiño Inglés’, en concreto o equipo investigador encargado del informe (Antonia Pérez-García, Iria Caamaño Franco, María Elvira Lezcano González e Carlos Rodríguez Carro) e os seus colaboradores.

Este estudo é unha radiografía da situación actual do Camiño Inglés que temos moi en conta para seguir mellorando, para que a experiencia de percorrer a ruta sexa cada vez máis satisfactoria. Debo poñer en valor os novos acordos de colaboración con entidades e asociacións estranxeiras de Reino Unido, Irlanda, Dinamarca, Alemaña ou Canadá. No caso do Camiño Inglés en Reino Unido, os traballos de recuperación do trazado avanza con máis de 200 quilómetros sinalizados por todo o territorio ata chegar aos portos do sur.

Temos clara a nosa folla de ruta e os aspectos que debemos mellorar. Algúns deles non dependen unicamente da Asociación de Concello do Camiño Inglés mais debemos ser os interlocutores coas administracións correspondentes.



Coa axuda e a colaboración da Deputación da Coruña e a Xunta de Galicia, reforzaremos iniciativas como a Rede Stelar, composta por establecementos que apostan pola excelencia e a calidade na atención ao peregrino a través da sustentabilidade, os produtos de proximidade, a calidade no servizo e a amabilidade co peregrino.

O obxectivo final polo que traballamos é o mesmo ano tras ano: pulir este diamante en bruto que é o Camiño Inglés, mellorando a experiencia de calidade que atopan os peregrinos que chegan de todo o mundo e contribuíndo a dinamizar a economía local dos concellos polos que pasa.

Manuel Mirás Franqueira

Presidente da Asociación de Concellos do Camiño Inglés

ÍNDICE



1. INTRODUCCIÓN	09
1.1. Obxectivo xeral	
1.2. Obxectivos específicos	
1.3. Evolución do número de peregrinos/as no Camiño Inglés	



2. METODOLOXÍA	11
2.1. Enquisa	
2.2. Observación participante	



3. ANÁLISE DESCRIPTIVA	13
3.1 Perfil sociodemográfico	
3.2 Coñecemento previo do Camiño Inglés	
3.3 Análise das motivacións	
3.4 Organización da viaxe	
3.5 Gasto medio	
3.6 Aloxamento	
3.7 Nivel de satisfacción cos servizos	
3.8 Dispoñibilidade dos servizos	



4. CONCLUSIÓNS	47
----------------	----



REFERENCIAS	52
-------------	----

ANEXOS	53
--------	----

1. INTRODUCCIÓN

O Camiño de Santiago sitúase como a principal ruta de peregrinación en Europa, que foi evolucionando ao longo do tempo e atrae a persoas con motivacións de diversas índoles. Este icónico itinerario, que en 2022 recibiu a visita dun total de 438.307 peregrinos (Oficina do Peregrino, 2022), engloba no seu rexistro os variados percorridos que compoñen esta experiencia: o Camiño Francés, o Camiño Portugués, o Camiño do Sueste, o Camiño do Nor-



Fonte: Asociación de Concellos do Camiño Inglés

te, o Camiño Primitivo, a Ruta do Mar de Arousa e o Río Ulla, a prolongación ata Fisterra/Muxía e, por suposto, o Camiño Inglés.

De todas estas rutas, o Camiño Francés posiciónase como a máis elixida, con aproximadamente o 52% dos peregrinos en 2022 (Oficina do Peregrino, 2022). Con todo, nos últimos anos, observouse un notable incremento na popularidade doutras variantes, e o Camiño Inglés, en particular, emerxeu como unha opción destacada, ocupando o cuarto posto en canto ao número de peregrinos en 2022.

En Galicia, o Camiño Inglés presenta dúas alternativas: unha que parte dende A Coruña e outra desde Ferrol. Ambas rutas conflúen no punto intermedio do percorrido, especificamente en As Travesas, situado no concello de Carral.

Así mesmo, esta investigación dá resposta ao convenio subscrito entre a Asociación dos Concellos do Camiño Inglés e a Universidade da Coruña durante o ano 2023, que consiste no estudo demoscópico co propósito de identificar o perfil das persoas que realizan a peregrinación a Santiago de Compostela e optan polo percorrido do Camiño Inglés. O período elixido para o devandito estudo son os meses de xullo e setembro.

Este informe dá continuidade aos realizados nos anos 2021 e 2022, e ten a aspiración de perdurar no tempo para converterse nun auténtico observatorio que recolla os principais resultados vinculados á evolución desta ruta. Desta maneira busca cumprir o rol dunha ferramenta esencial na toma de decisións relacionadas coa planificación e xestión deste Camiño.

A metodoloxía aplicada para a consecución destes obxectivos é cuantitativa, máis se complementa cunha análise cualitativa a través da realización de traballo de campo que se describe a continuación.



1.1. OBXECTIVO XERAL


Identificar o perfil das persoas que peregrinan a Santiago de Compostela, escollendo o percorrido do Camiño Inglés.

1.2. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

1. Determinar o perfil socio-demográfico do peregrino/a que fai o Camiño Inglés.
2. Examinar as motivacións, comportamentos e fontes de información empregadas.
3. Analizar o nivel de satisfacción con respecto aos servizos prestados e aos condicionantes relacionados co Camiño Inglés.

1.3. EVOLUCIÓN DO NÚMERO DE PEREGRINOS/AS NO CAMIÑO INGLÉS

Gráfico 1. Evolución do número de peregrinos/as no Camiño Inglés (2004- 2022)



Fonte: Oficina do Peregrino (2023)

*Os datos de 2023 rexistran dende 01/01/2023 ata 05/10/2023

O Camiño Inglés consolidouse como unha ruta que, na actualidade, recibe a máis de 20.000 peregrinos e peregrinas ao ano. A súa evolución foi progresiva e positiva dende o ano 2004, no que a afluencia aumentou considerablemente por tratarse dun Ano Santo, igual que sucedeu no 2010, aínda que o crecemento foi continuado, sobre todo a partir de 2014.

É importante sinalar que no ano 2020, produciuse unha pronunciada caída no número de peregrinos debido á situación sanitaria causada pola pandemia da COVID-19, o que afectou significativamente o fluxo de visitantes. Con todo, no Ano Santo 2021, observouse unha certa recuperación que marcou o inicio dunha tendencia á alza.

Esta tendencia consolidouse no ano 2022, como pode apreciarse no Gráfico 1, cando se acadou un total de 24.205 peregrinos e peregrinas, o que representou un incremento do 53,38% en comparación co ano 2019, que foi previo á pandemia. Estes datos marcan un fito histórico no número de persoas que elixiron o Camiño Inglés como o seu roteiro de peregrinación.

Este notable aumento no número de peregrinos durante o ano 2022 demostra a resiliencia e a atracción duradeira deste percorrido, así como a súa importancia como destino de peregrinación no contexto da tradición xacobeá. Ademais, subliña a capacidade de adaptación da ruta aos desafíos que se presentaron, como a pandemia da COVID-19, e a súa capacidade para seguir sendo un lugar de encontro espiritual e cultural para persoas de todo o mundo.

2. METODOLOXÍA

A técnica de recollida de datos foi a través dunha enquisa e de traballo de campo por medio dunha observación participante.

O modelo de enquisa (anexo 1) que serviu para recoller os datos de xullo de 2023, foi semellante á que se empregou en setembro do 2021 e nos dous períodos dos anos 2022, dando así continuidade e sen alteracións metodolóxicas e interpretativas no modelo da técnica de investigación e na estrutura da análise. Así mesmo, as leves modificacións realizadas foron resultado de pequenas melloras coa finalidade de ir adaptándose mellor ás necesidades da xerencia, mais tamén ao perfil do peregrino deste Camiño.

Os puntos de recollida das enquisas foron convidados coa Asociación de Concellos do Camiño Inglés como os máis apropiados para o abordaxe de peregrinos/as, por tanto, a mostraxe foi por conveniencia (mostraxe non probabilística). Inicialmente, estableceuse o Polígono de Tambre, preto do cemiterio, como un punto estratéxico de recollida, que resultou pouco exitoso, posto que os peregrinos estaban a chegar case a Santiago e non era un lugar de parada para o descanso, pois desexaban chegar a Catedral sen diminuír o ritmo. Do mesmo xeito, realizáronse enquisas na Oficina do Peregrino en Santiago, pero o traballo resultou ser menos produtivo e máis caótico, dado que chegan persoas dende todos os Camiños e non era eficiente a recompilación de datos. Por tanto, o maior número de enquisas foron recompiladas en Sigüeiro, preto da piscina municipal, pois eran moitos os peregrinos que finalizaban a etapa ou descansaban para continuar ata Santiago, polo que a receptividade para a realización da enquisa

Realizáronse as enquisas de forma presencial dende o 1 ao 31 de xullo de 2023 e do 1 ata o 30 de Setembro de 2023.

En canto á análise esta é básicamente de tipo descritivo para cada unha das variables ou ítems establecidos na enquisa, calculando a media naquelas variables que miden intensidade (preguntas 12 e 14).

Os datos recopilados neste informe correspondentes á Oficina do Peregrino abranguen ata o día 5 de outubro de 2023.

2.1. ENQUISA

Para a consecución dos obxectivos mencionados aplícase unha metodoloxía básica de tipo cuantitativo, a través da recollida de datos administrando unha enquisa cun total de 15 ítems. As categorías son de abanico pechado, agás algunhas preguntas concretas que se establecen cunha segunda cuestión aberta coa finalidade de enriquecer os resultados.

A enquisa foi presentada en catro idiomas: galego, castelán, inglés e francés, realizada de forma presencial en diferentes puntos da ruta e empregando unha tablet para a recolección dos datos de maneira rápida e sostible.

Para o cálculo da mostra tómase como referencia da poboación universo o número de peregrinos/as do ano anterior 2022, nos mesmos períodos, cun intervalo de confianza dun 95% e un 5% de erro de estimación. A análise realizada é de tipo descritivo, a partir das respostas brindadas polas persoas enquisadas.

Tomando como referencia a poboación universo (N) do número de peregrinos/as recibidos no Camiño Inglés en xullo e setembro do ano 2022 temos un total de 3.905 peregrinos/as e 3.572 respectivamente (dato tomado da Oficina do Peregrino), polo que, tendo en conta un intervalo de confianza dun 95% (valor de Z 1,96) e un erro de estimación dun 5%, a mostra final coa que trabállase é de 350 enquisas para o mes de xullo e de 349 enquisas para o mes de setembro.

2.2. OBSERVACIÓN PARTICIPANTE

Cabe engadir que no mes de setembro tamén se realizou un traballo de campo que consistiu en realizar a pé o Camiño Inglés desde A Coruña ata Santiago de Compostela. A través deste estudo complementario recolléronse conversas informais cos/as peregrinos/as, axentes implicados no sector turístico (hotelesiros, hostaleiros...) e coa propia poboación local dos territorios polos que transcorre a ruta. Así mesmo, tamén se realizou unha observación participante sobre a análise das infraestruturas e situación do Camiño, en termos xerais. Estes resultados complementan así os datos cuantitativos e enriquecen os comentarios dos mesmos.



3. ANÁLISE DESCRIPTIVA

A análise descritiva divídese nun total de oito apartados baseados no estudo do perfil sociodemográfico, no coñecemento previo do Camiño Inglés, na análise de motivacións, na organización da viaxe, no gasto medio, no aloxamento, no nivel de satisfacción cos servizos e a súa dispoñibilidade.


3.1. PERFIL SOCIODEMOGRÁFICO

3.1.1. DISTRIBUCIÓN POR SEXO

En primeiro lugar analízase a diferenza entre o sexo dos peregrinos. Neste eido, no que respecta á distribución das persoas que realizaron o Camiño (incluíndo xullo e setembro), non presentan diferenzas significativas entre peregrinos e peregrinas. Non obstante, a cantidade de mulleres (51,5%), supera lixeiramente o número de homes (48,5%) (Gráfico 2).


Se se fai unha análise por mes (véxase Gráfico 3), obsérvase que o mes de xullo segue a tendencia das estatísticas globais, pois o número de mulleres (56,57%), é maior ao dos homes (43,43%). Pola contra, no mes de setembro a porcentaxe de mulleres é menor (46,42%) ao dos homes (53,58%). Esta tendencia decrecente de mulleres en setembro pode deberse a que é un período no cal as tarefas de coidado aumentan co inicio de clases dos/as fillos/as, algo xa detectado no informe do ano 2022.

Gráfico 2. Distribución por sexo




Fonte: Elaboración propia

Gráfico 3. Distribución por sexo



Fonte: Elaboración propia

Gráfico 4. Distribución por sexo interanual (Serie histórica 2021-2023)




Fonte: Elaboración propia

Así mesmo, tendo en conta a distribución interanual da serie histórica dos informes demoscópicos de 2021 a 2023 (véxase Gráfico 4), compróbase unha tendencia crecente da presenza de mulleres fronte a homes no Camiño, sendo soamente no ano 2021 cando o número de peregrinos (52,2%), superaba ao de peregrinas (47,8%). Mais é preciso sinalar de novo, que as diferenzas non son moi significativas.

Unha vez observada a tendencia á alza na presenza de mulleres en relación aos homes no Camiño Inglés, procédese a realizar unha análise global no contexto do Camiño de Santiago no seu conxunto o cal vemos no Gráfico 5.

Gráfico 5. Preseza das mulleres no Camiño de Santiago (Serie histórica 2014-2023)



Fonte: Oficina do Peregrino (10/2023)

É importante destacar que este incremento na participación feminina é un fenómeno que atravesa as distintas rutas do Camiño, como o reflicten as estatísticas proporcionadas pola Oficina do Peregrino. Durante o ano 2023, seguindo unha tendencia que comeza en 2021, a proporción de mulleres que completaron o Camiño alcanzou un 52,79%, en contraste co 47,21% de homes.

Cabe sinalar que estas cifras exclúen parte do mes de outubro, novembro e decembro, xa que ao momento da finalización deste informe, os datos recompilados abarcan ata inicios de outubro.

Este aumento na participación de mulleres no Camiño de Santiago pode ser atribuído, en gran medida, ao crecente grao de independencia e empoderamento alcanzados na sociedade actual. A medida que as mulleres acadan un maior nivel de autonomía e gañan confianza en si mesmas, ábreanse novas oportunidades para emprender actividades como o Camiño de Santiago, tanto en solitario como en compañía de amigos, sen depender necesariamente da presenza masculina.

Este fenómeno vese apoiado por un ambiente de seguridade que se está fomentando no propio Camiño de Santiago. Sumado a isto, é en referencia ao Camiño Inglés, a seguridade se maximiza, pois o seu trazado discorre principalmente por núcleos urbáns con presenza de xente.

**17,22% DAS
MULLERES
ENQUISADAS
VIAXAN
SOAS**




O número de mulleres no Camiño de Santiago é superior ao de homes, tendencia que tamén se reflicte no Camiño Inglés.

3.1.2. DISTRIBUCIÓN POR IDADE

No que respecta á idade das persoas enquisadas, os rangos etarios máis frecuentes son aqueles comprendidos entre 25 e 64 anos (véxase Gráfico 6). O grupo máis frecuente é o de 45 e 54 anos (23,03%), seguido polo comprendido entre 25 e 34 anos (22,60%). En menor medida, atópanse as persoas que teñen entre 55 e 64 anos (18,46%) e logo as de 35 a 44 (16,17%). Os rangos de idade que teñen unha mostra moi pouco representativa son aquelas que teñen entre 18 e 24 anos (7,87%), entre máis de 65 e 74 (9,73%) e Máis de 75 (2,14%).


Gráfico 6. Rangos de idade



Fonte: Elaboración propia

O rango máis frecuente en xullo é o de 45-54 anos (23,43%), mentres que en setembro destaca o de 25-34 anos (25,21%).

Gráfico 7. Distribución por idade interanual (Serie histórica 2021-2023)



Fonte: Elaboración propia


En canto ao rexistro histórico (véxase Gráfico 7), os datos mudaron do 2021 e 2022 ao 2023, pois nos primeiros anos se rexistraba como rango de idade principal o grupo entre os 55-64 anos, e no 2023 ocupa o terceiro lugar (pese a representar unha elevada porcentaxe cun 18,46%), destacando as persoas de entre 45-54 (23,03%) anos e 25-34 anos (22,60%).

3.1.3. PROCEDENCIA

Nos dous períodos analizados, como indica o Gráfico 8, obsérvase que a maioría das persoas que realizan o Camiño Inglés chegan dende o ámbito nacional (59,4%), seguido polas persoas que o fan dende o ámbito internacional (35,6%). Finalmente, as persoas de Galicia teñen a representación máis baixa (5,0%).

- As persoas do ámbito internacional teñen maior presenza en setembro que en xullo.
- En xullo dáse unha maior presenza de persoas do ámbito nacional.
- A representación de galegos/as é maior no mes de xullo.


Gráfico 8. Procedencia



Fonte: Elaboración propia

Coa análise conxunta dos estudos demoscópicos (véxase Gráfico 9), obsérvase un decrecemento na porcentaxe de peregrinos galegos e nacionais con respecto ao ano 2022, pola contra, neste 2023 rexístrase a porcentaxe máis elevada de peregrinos internacionais (35,6%), feito que pode ser propiciado pola recuperación das consecuencias da pandemia.

Gráfico 9. Distribución por procedencia interanual (Serie histórica 2021-2023)



Fonte: Elaboración propia



Como no ano 2022, o grupo máis numeroso é o de españois/as de entre 45 e 54 anos

PEREGRINOS/AS NACIONAIS

O Gráfico 10 mostra que a maioría dos/as peregrinosas do ámbito nacional proveñen de Andalucía (14,33%) e da Comunidade de Madrid (10,60%). En menor medida atópanse aquelas persoas que proveñen de Cataluña (8,60%) ou Comunidade Valenciana (8,31%), así como de Galicia (3,72%) ou Castela A Mancha (3,44%).

Gráfico 10. Cantidade de peregrinos/as nacionais por Comunidade Autónoma



Fonte: Elaboración propia

Finalmente, cunha representación menor ao 2% atópanse peregrinos/as de Castela e León (1,72%), Aragón (1,15%), Illas Canarias (1,15%), País Vasco (1,15%), Illas Baleares (1,15%) ou Rexión de Murcia (0,86%).


As principais Comunidades Autónomas emisoras de peregrinos/as do ámbito nacional son Andalucía (14,33%) e Comunidade de Madrid (10,60%)

PEREGRINOS/AS INTERNACIONAIS

No que respecta ás persoas de procedencia internacional (véxase Gráfico 11), o principal país emisor é Italia cun 8,02% do total de peregrinos/as, seguido por Reino Unido (7,74%) e Alemaña (6,02%). As conexións aéreas existentes nos aeroportos galegos e a identidade do Camiño no que respecta aos británicos/as poden favorecer este feito.

En menor medida, países como Estados Unidos (3,44%), Portugal (2,58%), República Checa (2,58%), México (2,01%) ou Países Baixos (1,43%) teñen unha representación media dentro desta categoría. Así mesmo, hai outros países que teñen unha porcentaxe moi baixa de peregrinos/as, inferior ao 1%. Este é o caso de Australia, Arxentina, Bélxica, Canadá, Dinamarca, Irlanda, Austria, Colombia, Eslovaquia, Francia, Grecia, Luxemburgo, Nova Zelandia, Xapón, Taiwán, Perú ou, Polonia.

Gráfico 11. Cantidade de peregrinos/as por país de procedencia



Fonte: Elaboración propia


3.2. COÑECEMENTO PREVIO DO CAMIÑO INGLÉS

Os/as peregrinos/as acceden ao coñecemento do Camiño de maneiras diversas. As máis populares foron as recomendacións de amigos e/ou familiares (xullo: 40%, setembro: 32,86%), seguidas polas redes sociais e internet (xullo: 39,14%, setembro: 35,14%), o coñecemento persoal do lugar (xullo: 23,43%, setembro: 29,43%), a páxina web institucional (xullo: 3,71%, setembro: 2,86%) as axencias de viaxe (xullo: 1,14%, setembro: 1,71%) e as novas en xornais (xullo: 0,86%, setembro: 1,43%).

Houbo outras formas de coñecemento como a pertenza a un grupo católico, a actividade parroquial, a Asociación de Amigos do Camiño de Santiago, a publicidade en medios ou a promoción en feiras turísticas cuxa representación foi minoritaria (véxase Gráfico 12).

Do mesmo xeito, é importante salientar que con respecto ao ano 2021 e 2022, aumenta a porcentaxe de coñecemento previo por recomendacións de amigos e/ou familiares, pois nos informes anteriores ocupaba o segundo lugar, tras as redes sociais e internet, mentres que neste 2023, intercambiaron o seu posicionamento.

Gráfico 12. Fontes de coñecemento do Camiño Inglés



As redes sociais e internet, o boca a boca e o coñecemento persoal foron as formas de coñecemento máis usuais este ano e os previos (2021 e 2022)




Fonte: Elaboración propia

REALIZACIÓN PREVIA


A maioría dos peregrinos non realizara o Camiño con anterioridade (Xullo: 90,86%, setembro: 90,26%), fronte aos que se atopaban repetindo experiencia (Xullo: 9,14%, setembro: 9,74%), como indícase no Gráfico 13.

Gráfico 13. Realización do Camiño Inglés noutras ocasións



Fonte: Elaboración propia


Gráfico 14. Realizacións previas do Camiño Inglés



Fonte: Elaboración propia

Das persoas que realizaron o Camiño Inglés previamente, a maioría o fixeron unha soa vez (40,7%), seguido por aquelas que o fixeron dúas veces (21,2%) e tres veces (19,5%). Igualmente hai xente que repite 4 ou máis veces (véxase Gráfico 14). A partir do traballo de campo obsérvase que é unha porcentaxe reducida a das persoas que repiten.

Gráfico 15. Realización do Camiño Inglés noutras ocasións (serie histórica 2021-2023)




Fonte: Elaboración propia

Sobre a base da serie histórica (véxase Gráfico 15), obsérvase que a porcentaxe de repetición redúcese con respecto aos anos 2021 e 2022, pois só un 9,4% de persoas fixérono noutras ocasións en 2023 fronte a un 13,2% en 2021 e un 28% en 2022.

PUNTO DE PARTIDA

A maioría das persoas que realizan o Camiño Inglés elixen Ferrol (90,4%) como punto de partida como indica o Gráfico 16. En menor medida, escolle A Coruña, (7,2%) mentres que un 2,4% faino dende outros puntos como



Fonte: Elaboración propia


poden ser Narón, Hospital de Bruma ou Reino Unido. Tamén se observou o caso dalgunha persoa que realizaba o Camiño Inglés comezando en Santiago de Compostela, e dicir, no sentido inverso. Con respecto ao ano 2022, o punto de partida rexistra as mesmas tendencias, pois Ferrol segue sendo o máis escollido, cun aumento dun 10,4% en 2023. Non obstante, A Coruña reduce a súa porcentaxe dun 11% en 2022 a un 7,2% en 2023. O mesmo ocorre con outros puntos de partida, pois redúcese dun 9% a un 2,4%.

O principal punto de partida é Ferrol (90,4%)

OUTROS CAMIÑOS REALIZADOS PREVIAMENTE

Entre os que realizaron outros Camiños previamente (véxase Gráfico 17), o máis elixido foi o Camiño Francés (xullo: 47,71%; setembro: 40,11%), seguido polo Camiño Portugués (xullo: 32,86%; setembro: 33,52%) e en menor medida polo Camiño do Norte (xullo: 10,00%; setembro: 14,90%), estando presentes tamén o Camiño Primitivo, o Camiño Portugués da Costa, Vía da Prata, Muxía-Fisterra ou outros, mais non cunha porcentaxe elevada.

Gráfico 17. Outros camiños realizados previamente



Fonte: Elaboración propia

3.3. ANÁLISE DAS MOTIVACIÓNS

O coñecemento das motivacións que impulsan ás persoas a realizar o Camiño é un elemento chave para a interpretación do valor que estas dan á experiencia, así como de cara a xestionar novos produtos e servizos vinculados ao Camiño e a súa difusión.

"Non había peregrino que non volvese ao seu pobo con algún prexuízo menos e algunha idea máis" Chateaubriand (1977)

Como se indica no Gráfico 18, no ano 2023, as motivacións máis relevantes foron:

- *Descansar, relaxarse, desconectar da rutina* (xullo: 38,86%, setembro: 43,55%).
- *Ter unha experiencia persoal/espiritual/psicolóxica diferente* (xullo: 33,71%, setembro: 34,67%).
- *Desfrutar do tempo libre coa familia/amigos* (xullo: 32,29%, setembro: 16,91%).
- Mellorar a miña condición física ou saúde mediante o exercicio físico (xullo: 27,43% e setembro: 16,33%).

Outras motivacións que tamén foron relevantes son:

- *Desfrutar da paisaxe e ter contacto directo coa natureza* (xullo: 11,71%, setembro: 12,89%)
- *Ter experiencias relixiosas* (xullo: 12,00%, setembro: 10,89%).
- *Coñecer o patrimonio cultural dos lugares do percorrido* (xullo: 7,43% e setembro: 3,44%).
- *Coñecer xente nova* (xullo: 7,43% e setembro: 2,29%).
- *Coñecer a gastronomía dos lugares da ruta* (xullo 6,57% e setembro 0,86%).

Motivacións cunha valoración intermedia:

- *Atopar diversión, aventura e emocións intensas* (xullo: 1,14% e setembro: 3,72%).
- *Cumprir unha promesa ou tradición* (xullo 2,29% e setembro 2,58%).


Outras motivacións menos relevantes ou case inexistentes:

- *Coñecer un destino de moda*, ten un 0,29% no mes de xullo e 1,43% no mes de setembro.
- *Realizar unha forma de viaxar máis barata*, só está presente no mes de xullo (0,29%).

Mellorar a condición física mediante o exercicio ou a gastronomía son aspectos que aumentaron relevancia neste último estudo.



Gráfico 18. Motivacións para realizar o Camiño Inglés




As motivacións máis populares son o descanso e o relax (41,20%), ter unha experiencia persoal e espiritual (34,19%), e desfrutar do tempo libre con amizades e familiares (24,61%).

Fonte: Elaboración propia


As motivacións máis recorrentes non soen variar entre os distintos anos (2021-2023)

DEFINICIÓN DA EXPERIENCIA




Respecto á autopercepción (Gráficos 19 e 20), a maioría considerouse peregrino/a (53,14%), sendo setembro o momento no que maior porcentaxe de persoas se definiron así (58%).

Gráfico 19. Definición da experiencia no Camiño Inglés por períodos



Fonte: Elaboración propia

Gráfico 20. Definición da experiencia no Camiño Inglés




Fonte: Elaboración propia

No mes de xullo, a porcentaxe de persoas que se consideran peregrinas (48,29%) e tan peregrinas como turistas (44%) é moi similar. Cabe destacar que quen se considera turista oscila ao redor dun 7%, sendo minoría nos dous períodos.

É interesante destacar que cando se fai mención a este aspecto hai certa controversia xa que o termo peregrino non está claramente definido na mente dos/as visitantes. Polo tanto, hai quen valora se pertence a un grupo ou a outro en función do gasto que realiza ou os recursos que visita durante o Camiño (xa que idea de peregrino/a encaixalles máis nun perfil tradicional máis austero) e tamén aquel que concentra a súa atención, principalmente, na parte espiritual e en camiñar ata Santiago.

Gráfico 21. Definición da experiencia no Camiño Inglés. Interanual (Serie 2021-2023)




Fonte: Elaboración propia

No que respecta ao gráfico 21, referente á definición da experiencia no Camiño Inglés durante os anos 2021, 2022, e 2023, obsérvase que as persoas que se sinten peregrinas teñen unha maior representación ao longo do período (2021: 55,8%, 2022: 44,6%, 2023: 53,1%).

En primeiro lugar, cabe mencionar que, neste estudo, o ano no que acadou unha maior porcentaxe de persoas que se sinten e/ou definen como peregrinas foi no Ano Santo 2021, seguido polo actual 2023 e en menor medida no segundo Ano Santo 2022. Este feito pon en valor a identidade relixiosa desta ruta Xacobeaxa que garda unha gran relación coa motivación de viaxar por motivos relixiosos, vivir unha experiencia persoal ou espiritual e cumprir unha promesa.

En segundo lugar, as persoas que teñen máis representación son aquelas que se sinten peregrinas e turistas ao mesmo tempo. Este grupo de peregrinos/as foi aumentando ao longo do período, alcanzándose o máximo no ano 2022 (44,2%) e manténdose nun 39,9% no 2023. Este crecemento débese a porcentaxe de persoas que se consideran turistas diminúe cada ano que pasa e aparecen máis persoas que se definen como peregrinas ou peregrinas-turistas. Como se reflicte no gráfico, foi descendendo dende o 14,7% do ano 2021 ata o 6,7% no ano 2023, pasando por un 11,1% no ano 2022.

Gráfico 22. Motivación da viaxe no Camiño Inglés



Fonte: Oficina do Peregrino (2023)

Nos datos recollidos pola Oficina do Peregrino (2023), con relación ás motivacións relixiosas, obsérvase que un 42,14% afirman ter enteiramente unha motivación relixiosa, seguido por aqueles que están motivados por cuestións relixiosas e outras (34,38%) e finalmente un 23,47% que non presenta motivacións por aspectos relixiosos.

É preciso destacar que hai unha maior presenza de persoas con motivacións relixiosas que o ano anterior (2022: 21,72%, 2023: 23,47%).

3.4. ORGANIZACIÓN DA VIAXE


3.4.1. COMPAÑÍA

Segundo o Gráfico 23, a maioría escolleu viaxar en compañía de amizades (36,2%), en parella (22,2%), en soidade (20,3%) e en familia (18,5%). Aquelas persoas que viaxan en grupo de turistas contan cunha representación moi baixa cun 2,7%.

Obsérvase que en setembro aumentan as persoas que van en familia e diminúen aquelas que o fan en parella.

A duración que se estima para a realización do Camiño e a motivación de descansar e relaxarse van moi ligadas ao feito de realizar a viaxe con amizades, familia ou en parella. Do mesmo xeito, a espiritualidade que se busca experimentar neste itinerario tamén fai que unha porcentaxe representativa das persoas o faga en soidade.

Gráfico 23. Compañía na viaxe




Fonte: Elaboración propia

A duración estimada para realizar o Camiño Inglés, a motivación de relaxarse, descansar e pasar tempo coa xente querida fai que viaxar en familia, con amizades ou en parella sexan das opcións máis escollidas.

No que respecta ao gráfico 24, referente á compañía durante a viaxe na serie histórica dos anos 2021, 2022 e 2023, obsérvase que a maior porcentaxe nos tres períodos corresponde a quen vai acompañado/a de amizades. Ademais, no ano 2021 hai un crecemento que supera en máis dun 10% os períodos seguintes. Este feito pode deberse á situación de illamento vivido por mor da Covid-19 e a perda de relacións persoais durante o confinamento. Deste xeito, unha vez retornada a normalidade e coincidindo co Ano Santo, o Camiño Inglés converteuse nunha forma de retomar a normalidade e desfrutar das amizades e do exterior en espazos naturais, tal como reflexa a identidade do Camiño de Santiago. No ano 2022, tamén Ano Santo, se observa que aumentan as persoas que viaxan coa familia así como en grupo de turistas.

En canto ao colectivo de quen viaxa en parella é importante mencionar que ten unha representación estable durante os tres períodos que se analizan, aínda que amosa un pequeno aumento durante o ano 2023. O mesmo acontece coas persoas que realizan o Camiño en soidade. Finalmente, sinalar que nesta ruta apenas hai representación de peregrinos/as que viaxan acompañadas das súas mascotas.

Gráfico 24. Compañía na viaxe interanual (Serie 2021-2023)




Fonte: Elaboración propia

3.4.2. FORMA DE PLANIFICACIÓN

No que respecta á forma en que os/as peregrinos/as planificaron a súa ruta, a maioría fíxoo de maneira autodidacta ou autónoma (xullo: 82,29%, setembro: 81,14%) utilizando preferentemente apps, redes sociais e páxinas web. Unha porcentaxe máis pequena recorreu a axencias de viaxe (xullo: 8,57%, setembro: 9,14%) e recomendacións de familiares e amizades (xullo: 8,29%, setembro: 8,57%). Unha minoría planifica a súa viaxe a través de asociacións ou agrupacións (véxase Gráfico 25).

Gráfico 25.. Forma de planificación



Fonte: Elaboración propia



Tanto no ano 2023 coma nos anteriores a forma máis popular de planificación do Camiño foi a autónoma/autodidacta.


3.4.3. DURACIÓN DA VIAXE EN DÍAS

A duración máis habitual na realización do Camiño Inglés, como indícase no Gráfico 26, é entre 5-6 días, tal e como se observa nos períodos de xullo e setembro. A distancia que separa Ferrol, o punto de partida máis elixido e que ten un maior número de quilómetros, pode realizarse nun tempo reducido se se compara con outros itinerarios de peregrinación, polo que é un aspecto a destacar deste Camiño.

Do mesmo xeito, hai persoas que o realizan en menos días se comezan en A Coruña ou se o fan a un ritmo máis rápido. O caso contrario tamén acontece debido a que hai quen prefire dividir as etapas habituais en máis días para vivir a experiencia con máis calma, desfrutar doutros aspectos da ruta ou adaptalo ás súas necesidades e/ou condición física.

Finalmente, outros casos menos habituais son os de aquelas persoas que o realizan nun tempo reducido de 1-2 días (0,57%) ou que están 9-10 días ou máis (0,86%).

Gráfico 26. Duración da viaxe en días



Fonte: Elaboración propia


Para os dous períodos analizados, a duración máis común da viaxe foi entre 5 e 6 días, tal e como está planificado no percorrido oficial do Camiño Inglés.



No que respecta á duración do Camiño Inglés (véxase Gráfico 27), no que se refire aos tres períodos dos anos 2021, 2022 e 2023, obsérvase que a maioría de peregrinos/as realiza a viaxe en 5-6 días. O cantidade de persoas que o fixeron con esta duración mantívose estable cada ano, sendo do 65,6% no ano 2021, un 71,2% no ano 2022 e dun 69,2% no ano 2023.

Dúas tendencias que destacan na serie interanual é que diminúe o número de persoas que o realiza en 3-4 días, pasando dun 16,7% en 2021 a un 10,4% no ano 2023. Ao mesmo tempo, aumenta a cantidade de persoas que o realiza en 7-8 días, pasando dun 10,8% en 2021 a un 17,2% en 2023. Este dato reflicte, apoiado tamén na diminución das persoas que o fan en 1-2 días, que os/as peregrinos/as queren adicar máis tempo á realización do Camiño Inglés.

Gráfico 27. Duración da viaxe en días. Serie anual (2021-2023)



Fonte: Elaboración propia

3.4.4. MEDIO DE TRANSPORTE




Gráfico 28. Medio de transporte utilizado según mes

Fonte: Elaboración propia


A combinación máis frecuente de medios de transporte, segundo o Gráfico 28, foi o uso do avión para chegar a Santiago de Compostela ou a A Coruña (48,79%), proseguido dun bus ata Ferrol (38,62%), onde a maioría comeza a peregrinación. Ademais, un 18,45% chega en coche particular e un 16,88% en tren. É importante destacar que existen persoas que chegan en barco porque comezaron a peregrinación en Reino Unido e deciden utilizar ese medio de transporte seguindo a tradición desta ruta.

3.5. GASTO MEDIO

No que ten que ver co gasto medio diario de quen realizou o Camiño no ano 2022, houbo diferenzas entre os diversos períodos comparados, xa que no mes de xullo de 2023 o gasto medio diario foi máis elevado situándose entre 36 e 50 euros, fronte ós 20-35 euros do período 2022. Causa que pode vir dada por mor da situación económica actual, que está sufrindo unha inflación dos prezos.

- Durante o mes de xullo, a maioría gastou entre 36 a 50 euros (34,86%), seguida por quen gastou entre 20 e 35 euros (22,57%). Ademais hai unha porcentaxe do 17,43% que gasta entre 51 e 75 euros (17,43%) e moi semellante atópanse quen gastan entre 76 e 100€ (17,14%). En menor medida, un 2%, gastou menos de 20 euros e un 5,92% máis de 100€ euros.
- Durante o mes de setembro, a porcentaxe máis elevada gastou entre 36 a 50 euros (32,66%), seguido daquela que gastou entre 20 e 35 euros (24,64%) e entre 51 a 75 euros (16,05%). A este grupo séguenlle aqueles que gastan entre 76 e 100 euros (13,75%). En menor medida, un 5,73% gastou menos de 20 euros e un 6,88% máis de 100 euros (véxase Gráfico 29).

Gráfico 29. Gasto medio diario



Fonte: Elaboración propia

Durante o mes de xullo observouse que as persoas identificáronse cun perfil máis turístico e, probablemente, isto correspondeuse cun alza do gasto medio diario.


3.6. ALOXAMENTO

No que respecta aos aloxamentos, o máis frecuente foi o uso de hoteis, pensións e albergues (véxanse Gráficos 30, 31 e 32)

- No que respecta ao mes de xullo, a maioría dos/as peregrinos/as optaron polo uso de albergues (66,00%), seguido por hoteis (38,57%) e pensións (38,29%). En menor medida, teñen presenza outros aloxamentos como as casas rurais (6,29%), as vivendas turísticas (4,29%) ou mesmo, as vivendas de familiares e amigos (0,57%).
- No mes de setembro, os aloxamentos máis utilizados foron novamente os albergues (65,90%), cunha representación moi similar ao mes de xullo. En menor medida atópanse os hoteis (35,82%), seguida polas pensións (26,07%) que presentan un descenso do 12,2+2% respecto ao mes de xullo.

A escaseza de prazas nos albergues públicos é un dos motivos que destacan moitos/as peregrinos/as para escoller as pensións ou hoteis. Non é unha valoración positiva xa que se trata dun imprevisto dentro do seu plan de viaxe e afecta negativamente ás expectativas da experiencia.

Os/as peregrinos/as demandan máis oferta de aloxamento en albergues públicos en certos puntos do Camiño.



Fonte: Elaboración propia

En canto á totalidade do período obsérvase que hai tres tipoloxías de aloxamento que foron elixidas pola maioría dos/as peregrinos. Estas tipoloxías son en primeiro lugar os albergues (65,95%), seguido polos hoteis (37,20%) e as pensións (32,19%).

En menor medida, outras das tipoloxías de aloxamento que se atopan son as casas rurais (4,29%) e as vivendas turísticas (4,01%). Con representación casi inexistente hai unha mínima presenza de vivendas de amigos/as e familiares e do camping.

Gráfico 31. Aloxamento máis demandados





Gráfico 32. Aloxamento menos demandados



Fonte: Elaboración propia


No gráfico 33 contemplase unha serie interanual onde vemos a evolución da demanda en aloxamentos a partir do estudo de 2021, 2022 e 2023.

No que respecta aos hotéis, baixou a demanda con respecto aos anos anteriores (2021: 51,52%; 2022: 38,20%; 2023: 37,20%), pois na actualidade xa se pode falar dunha recuperación total con respecto á pandemia, mais nos anos previos, eran moitos os peregrinos que demandaban habitacións individuais, sen necesidade de entrar en contacto con outras persoas. Esta mesma tendencia é seguida polas pensións (2021: 49,57%; 2022: 47,90%; 2023: 32,19%), debido ao mesmo motivo.

Non obstante, isto afecta de maneira directa aos albergues, pois incrementase notablemente a demanda subindo arredor dun 20% con respecto aos anos anteriores (2021: 46,97%; 2022: 45,10%; 2023: 65,95%).

As outras tipoloxías de aloxamento, continúan sendo menos demandadas, reducíndose tamén a demanda en casas rurais e vivendas familiares.

Gráfico 33. Aloxamentos máis demandados. Interanual (serie 2021-2023)




Fonte: Elaboración propia

A demanda dos albergues aumenta arredor dun 20% con respecto aos anos 2021 e 2022

VALORACIÓN MEDIA DOS ALOXAMENTOS

Os/as peregrinos/as foron convidados/as a valorar nunha escala de 1 a 5 os aloxamentos dos que fixeron uso deles durante o Camiño, sendo 1: moi malo e 5: moi bo (véxase Gráfico 34 e 35).


Gráfico 34. Valoración media dos aloxamentos



Fonte: Elaboración propia

- Obsérvase que no mes de xullo a puntuación máis alta é para as casas rurais (4,88), as vivendas de familiares ;) e os pensións (4,47). A continuación seguen os albergues cunha puntuación de 4,29 e os hoteis, cunha puntuación de 4,21.
- No mes de setembro a puntuación máis alta volve a ser novamente para as casas rurais (4,88), seguido por pensións (4,64), os hoteis (4,47) e as vivendas ou apartamentos turísticos (4,46). A valoración máis baixa é para os albergues, cunha puntuación de 4,29.


Gráfico 35. Valoración media dos aloxamentos



Fonte: Elaboración propia

Na valoración global a mellor puntuación é para as casas rurais (4,87), seguido polas vivendas de uso turístico (4,57) e pensións (4,55). Cunha puntuación positiva de 4,50 seguen as vivendas de familiares, por diante dos albergues (4,39) e os hoteis (4,34).

Gráfico 36. Valoración media dos aloxamentos. Interanual (Serie 2021-2023)



Fonte: Elaboración propia

No que respecta á valoración media dos aloxamentos na relación interanual dos anos 2021, 2022 e 2023 obsérvase que as puntuacións mantivéronse estables, salvo pequenas modificacións nalgún dos casos (véxase Gráfico 36). A tendencia é positiva, xa que mellora na maioría dos casos con respecto ao primeiro período 2021. É o caso dos hoteis que tiñan unha valoración no 2021 de 3,9 e no 2023 de 4,34; os albergues no ano 2021 tiñan unha valoración de 4,24 e no ano 2023 foi de 4,39; as pensións tiveron unha das melloras máis marcadas, xa que pasaron dun 3,76 no ano 2021 e acadaron un 4,55 no ano 2023, cun incremento progresivo, ano a ano.

Por outra banda, nos aloxamentos que tiveron unha menor representación en canto á cantidade de persoas que os escolleron, obsérvase unha pequena mellora nas vivendas turísticas (4,57) respecto ao ano 2021 (4,42), pero menor á valoración do ano 2022 (4,8). Os campings recibiron no último período unha puntuación moito máis elevada que no ano 2022, pasando dun 3,33 a un 4,7.

A valoración dos aloxamentos ten unha tendencia positiva na maioría dos casos.

3.7. NIVEL DE SATISFACCIÓN COS SERVIZOS DO CAMIÑO INGLÉS

As persoas enquisadas avaliaron os servizos do Camiño mediante unha escala Likert onde 1 significa moi insatisfeito/a e 5 significa moi satisfeito/a.

Os servizos avaliados foron:

- Atención
- Trazado
- Mantemento
- Sinalización
- Hospitalidade
- Seguridade
- Gastronomía
- Paisaxe e natureza
- Arte e monumentos
- Actividades complementarias
- Información dispoñible
- Accesibilidade

Por último, pedíuselles realizar unha valoración global da experiencia e considerar se os servizos dispoñibles no Camiño Inglés son suficientes ou se consideran que podería verse incrementada a cantidade de servizos.

Entre as persoas que consideraron que os servizos son insuficientes, solicitouse que suxerisen melloras que se poderían implementar no Camiño co obxectivo de brindar unha experiencia máis satisfactoria.

"As relacións duradeiras cos clientes baseadas no concepto de satisfacción teñen que ver non só coa calidade percibida do servizo, senón co coñecemento das súas preferencias" (Martín, M.T. y Recio, M, 2006)

A seguinte táboa recolle os valores medios de satisfacción (1 a 5) con distintos aspectos do Camiño Inglés. Entre paréntese amósase a desviación típica. Na totalidade do período o aspecto mellor valorado foi a seguridade (xullo: 4,84, setembro: 4,87), mentres que o aspecto con valoracións máis baixas foi a accesibilidade (xullo: 2,99, setembro: 3,35).

Táboa 1. Satisfacción cos servizos do Camiño Inglés

VALORACIÓN	XULLO	SETEMBRO
Atención	4,57 (0,69)	4,55 (0,68)
Trazado	4,10 (0,99)	4,35 (0,85)
Mantemento	4,68 (0,57)	4,80 (0,48)
Sinalización	4,71 (0,66)	4,70 (0,64)
Hospitalidade	4,82 (0,47)	4,83 (0,45)
Seguridade	4,84 (0,50)	4,87 (0,39)
Gastronomía	4,67 (0,66)	4,59 (0,75)
Paisaxe e natureza	4,63 (0,69)	4,65 (0,60)
Arte e monumentos	4,14 (0,87)	4,31 (0,93)
Actividades complementarias	4,32 (0,90)	4,76 (0,73)
Información	4,53 (0,86)	4,61 (0,82)
Accesibilidade	2,99 (1,29)	3,35 (1,52)
Valoración global	4,52 (0,68)	4,55 (0,60)

Fonte: Elaboración propia


**A SEGURIDADE FOI
O ASPECTO MELLOR VALORADO**

ATENCIÓN

As persoas amosáronse satisfeitas coa atención recibida nos establecementos de restauración. Aínda así propuxéronse modificacións dos horarios de apertura, co fin de poder comezar o Camiño máis cedo e poder almorzar.

A valoración deste aspecto foi de 4,57 no mes de xullo e de 4,55 no mes de setembro (véxase Gráfico 37).


Gráfico 37. Satisfacción coa atención recibida



Fonte: Elaboración propia

TRAZADO

Gráfico 38. Satisfacción co trazado



Fonte: Elaboración propia

A valoración feita con respecto ao trazado foi bastante boa (véxase Gráfico 38). No mes de xullo foi de 4,10 e no mes de setembro de 4,35.


As persoas enquisadas sinalaron que buscan itinerarios alternativos para evitar zonas perigosas de autovía e, en moitos casos, acaban perdéndose, polo que desexan un percorrido con boa sinalización.

MANTEMENTO

No que respecta ao mantemento, o grado de satisfacción foi moi alto (xullo: 4,68, setembro: 4,80). En xeral, destacou o grao de limpeza durante o percorrido (véxase Gráfico 39).

Algunhas persoas tamén fixeron mención a que atoparon bastante descuidados algúns paneis informativos, o cal dificulta a súa interpretación.


Gráfico 39. Satisfacción co mantemento



Fonte: Elaboración propia

SINALIZACIÓN

Gráfico 40. Satisfacción coa sinalización



Fonte: Elaboración propia

A valoración da sinalización foi moi positiva, obtendo 4,71 puntos no mes de xullo e 4,70 puntos no mes de setembro (véxase Gráfico 40).

Algunhas persoas destacan cuestións puntuais tales como:


- Revisar kilometraje das mouteiras xa que non corresponden en ocasións co percorrido que efectivamente realizan.
- Sinalizar con maior claridade a saída de A Coruña e Ferrol.

HOSPITALIDADE

A hospitalidade foi valorada dun xeito moi positivo (4,82 no mes de xullo e 4,83 no mes de setembro).

As persoas enquisadas amosáronse encantadas coa acollida das persoas locais, sempre dispoñibles para botarlles unha man no que respecta á información útil do percorrido e dos servizos (véxase Gráfico 41).


Gráfico 41. Satisfacción coa hospitalidade



Fonte: Elaboración propia

SEGURIDADE

Gráfico 42. Satisfacción coa seguridade



Fonte: Elaboración propia


A seguridade foi un aspecto da ruta valorado moi positivamente, obtendo 4,84 puntos tanto en xullo coma en setembro. Destacar que especialmente as mulleres mencionan a seguridade do percorrido para realizar en soidade o Camiño (véxase Gráfico 42).

Pola contra, os aspectos que teñen unha valoración máis negativa están relacionados coa seguridade vial e as estradas.

GASTRONOMÍA

A valoración da gastronomía foi positiva, obtendo 4,67 puntos en xullo e 4,59 puntos en setembro. Destacaron en determinadas ocasións a necesidade de crear máis oferta vegana, vexetariana, sen glute e outras formas de alimentación. Ademais, potenciar o menú do peregrino sería aportar un valor engadido (véxase Gráfico 43).


Gráfico 43. Satisfacción coa gastronomía



Fonte: Elaboración propia

PAISAXE E NATUREZA

Gráfico 44. Satisfacción coa paisaxe e natureza




Fonte: Elaboración propia

Respecto á paisaxe e á natureza, no mes de xullo recibe unha puntuación de 4,63 e en setembro de 4,65. Aínda que os/as peregrinos/as destacaban a beleza da contorna natural, afirmaron que hai moitos tramos de asfalto e zonas urbanas que perxudican a imaxe de itinerario natural que se asocia á identidade do Camiño (véxase Gráfico 44).

ARTE E MONUMENTOS

O patrimonio artístico e monumental do Camiño Inglés foi valorado con 4,14 puntos no mes de xullo e 4,31 puntos no mes de setembro tal como se observa no Gráfico 45. Parte das persoas enquisadas destacaban a beleza do patrimonio, aínda que facendo unha valoración negativa de que as igrexas estiveran pechadas. Coméntase a necesidade de explicar máis sobre os recursos que se atopan ao longo do percorrido.


Gráfico 45. Satisfacción coa arte e monumentos



Fonte: Elaboración propia

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

Gráfico 46. Satisfacción coas actividades complementarias



Fonte: Elaboración propia

As actividades complementarias recibiron unha boa valoración media, tanto en xullo (4,63) coma en setembro (4,65). Pola contra, é preciso facer mención que unha porcentaxe moi reducida de persoas foron capaces de responder a esta cuestión, ben porque descoñecían a existencia das mesmas ou ben porque non participaron nelas (véxase Gráfico 46).


A maioría dos/as peregrinos/as non participan en actividades complementarias ou descoñecen a súa existencia.

INFORMACIÓN

A calificación outorgada respecto á información dispoñible foi moi positiva, obtendo 4,53 durante o mes de xullo e 4,61 no mes de setembro tal como se observa no Gráfico 47. De todos os xeitos, algunhas persoas fixeron propostas de mellora:

- Implantar un sistema que informe sobre as prazas vacantes dos albergues sen necesidade de ter que chegar ao aloxamento.
- Engadir información nos paneis informativos en máis linguas, podendo articularse mediante código QR.
- Reemplazar algúns dos carteis informativos posto que se atopan danados.

Gráfico 47. Satisfacción coa información




Fonte: Elaboración propia

Ademais, resulta fundamental acondicionar un apartado da web da asociación, ao que accedan os/as peregrinos/as, para novas, avisos ou información en tempo real dalgúns aspectos de interese (fontes operativas, trazados en obras, etc...).

ACCESIBILIDADE

Gráfico 48. Satisfacción coa accesibilidade




Fonte: Elaboración propia

A accesibilidade foi o aspecto peor valorado dentro da enquisa, cunha puntuación de 2,99 en xullo e 3,35 en setembro. A maioría dos/as peregrinos/as destacaron a dificultade que poden supor certos tramos. Ademais, persoas con mobilidade reducida comentaron a importancia de crear puntos para recargar as cadeiras eléctricas, propiciar zonas de descanso con aseos e fontes adaptadas ou establecer máis pasos de peóns, que sexan inclusivos no caso de ter semáforos (véxase Gráfico 48).

No referente ao nivel de satisfacción global e a valoración da experiencia reflexados no Gráfico 49 e 50 no seu conxunto, reflicten que en termos xerais a valoración é moi positiva, sendo de 4,52 en xullo e de 4,55 en setembro. A maioría de persoas afirman que a súa experiencia foi moi positiva, con algunha puntualización nos casos daquelas persoas que realizaron outros itinerarios e comparan diferentes experiencias que ocasións van máis alá das propias características do Camiño.


Gráfico 49. Satisfacción global da experiencia



Fonte: Elaboración propia

A satisfacción global da experiencia aumentou respecto ao ano 2021 (4,17) e 2022 (4,5) situándose nun 4,53 no 2023.

Gráfico 50. Satisfacción global da experiencia. Interanual (Serie 2021-2023)




Fonte: Elaboración propia

3.8. DISPOÑIBILIDADE DOS SERVIZOS

Os/as peregrinos/as foron consultados/as acerca da oferta de servizos no Camiño Inglés e aspectos de mellora. Tanto no mes de xullo (59,14%) como en setembro (58,74%) a maioría considerou que os servizos dispoñibles non eran suficientes (véxase Gráfico 51).


Pola contra, as persoas que afirmaron que abundaban os servizos ao longo da ruta foron un 40,86% en xullo e un 41,26% en setembro. Destacan neste caso a tranquilidade do Camiño Inglés.

Gráfico 51. Satisfacción coa dispoñibilidade dos servizos



Fonte: Elaboración propia


Gráfico 52. Satisfacción coa dispoñibilidade dos servizos. Interanual (Serie 2021-2023)



Fonte: Elaboración propia

No que respecta á comparación interanual entre os anos 2021, 2022 e 2023 reflectida no Gráfico 52, obsérvase que houbo unha mellora dos servizos no Camiño Inglés, xa que a valoración foi máis positiva nos dous últimos períodos. No ano 2021 un 72% dos/as peregrinos/as consideraron que non existían servizos suficientes neste itinerario, fronte ao 58% do 2022 e 59% do 2023, porcentaxes moi similares que diminuíron máis dun 10% dende o primeiro ano de mostra. Pola contra, existen moitas propostas identificadas que as persoas que realizan o Camiño consideran necesarias para que a experiencia sexa máis satisfactoria.

PROPOSTAS DE MELLORA FEITAS POLOS ENQUISADOS - XULLO



PROPOSTAS DE MELLORA FEITAS POLOS ENQUISADOS - SETEMBRO



4. CONCLUSIONES

Neste informe do ano 2023 realizáronse un total de 699 enquisas distribuídas en diferentes puntos do trazado: Santiago, Sigüeiro e Hospital de Bruma. A continuación expóñense aqueles datos máis destacables:

En primeiro lugar, unha aproximación sociodemográfica permitiu coñecer que a maioría das persoas que realizan o Camiño Inglés teñen unha idade comprendida entre 25 e 64 anos, cunha maior presenza de mulleres (51,5%) respecto á cantidade de homes (48,5%), tendencia que se observa tamén nas estatísticas da Oficina do Peregrino. En canto á procedencia cómpre salientar que é maioritariamente nacional destacando por Comunidades Autónomas Andalucía (14,33%), Madrid (10,60%), Cataluña (8,60%) e Valencia (8,31%). En comparación cos períodos anteriores o perfil de peregrino/a internacional aumentou chegando a ter unha representación dun 35,6% no 2023, sendo os principais países emisores Italia (8,02%), Reino Unido (7,74%) e Alemaña (6,02%). Ademais, a maioría escolleu viaxar en compañía de amigos/as (xullo: 35,14%, setembro: 37,25%), en parella (xullo: 28,29%, setembro: 16,05%) ou en familia (xullo: 14,86%, setembro: 22,06%). Convén salientar o feito de que cada vez máis persoas viaxan en soidade (20,31%).



Confírmase tamén a tendencia de que as persoas que realizan o Camiño Inglés comezan maioritariamente en Ferrol (90,4%). Para os dous períodos analizados, a duración máis común da viaxe foi de entre 5 e 6 días, tal como está planificado no percorrido oficial do Camiño Inglés. Como medida para poder promover máis a saída dende A Coruña, e alongar así a distancia e a estancia, poderíase establecer como estratexia de promoción definir un camiño de ida e volta dende a cidade herculina, memorando o itinerario histórico.

En canto ao gasto medio diario por persoa obsérvase que o gasto máis habitual sitúase entre 36-50€ (xullo: 34,86%, setembro: 32,66%). Cabe destacar que o gasto medio máis elevado foi en xullo, que aumentou significativamente respecto ao ano anterior pasando de 20-35€ a 36-50€, probablemente motivado pola inflación.

En segundo lugar, en canto ao coñecemento do Camiño, a maioría das persoas enquisadas afirmaron coñecer a ruta a través de redes sociais e internet, o boca a boca e o coñecemento persoal do lugar, debido en moitas ocasións a que xa realizaran outro Camiño de Santiago con anterioridade. Na mesma liña, no que respecta á forma en que os/as peregrinos/as planificaron a súa ruta, a maioría o fixo de maneira autodidacta ou autónoma (xullo: 82,29%, setembro: 81,14%) utilizando preferentemente apps, páxinas web e información en liña.

En terceiro lugar, en 2023, as motivacións máis relevantes foron:

- Descansar, relaxarse, desconectar da rutina (xullo: 38,86%, setembro: 43,55%)
- Ter unha experiencia persoal/espiritual/psicolóxica diferente (xullo: 33,71%, setembro: 34,67%).
- Gozar do tempo libre coa familia/amigos (xullo: 32,29%, setembro: 16,91%).



En cuarto lugar, respecto á autopercepción, a maioría considerouse peregrino/a (51,14%), aínda que no mes de xullo hai unha representación moi equitativa entre quen se considera tan peregrino/a como turista (44%) ou só peregrino/a (48,29%). A maneira na que as persoas se identifican a si mesmas parece resultar significativo xa que aquelas que se consideran estar en actitude de peregrinar mostran un maior nivel de satisfacción global.

En quinto lugar, unha cuestión básica para o desenvolvemento adecuado do turismo no territorio é o aloxamento. O uso máis frecuente foi o de albergues (65,95%), hoteis (37,20%) e pensións (32,19%).


En sexto lugar, en canto ao nivel de satisfacción sobre o Camiño Inglés, en xeral a valoración é moi positiva. Cabe destacar a seguridade como aspecto mellor valorado de todos, obtendo 4,84 puntos en xullo e 4,87 puntos no mes de setembro. Este aspecto é destacabel, e pode servir para desenvolver futuras estratexias de promoción xa que se trata unha ruta elixida por unha porcentaxe representativa de persoas que viaxan en soidade, especialmente mulleres (17,22%).

No referente ao nivel de satisfacción global e a valoración da experiencia no seu conxunto é moi boa, sendo de 4,52 no mes de xullo e acadando un 4,55 en setembro. Cabe facer mención a que a satisfacción global da experiencia aumentou respecto ao ano 2021 (4,17) e 2022 (4,5).

Os/as peregrinos/as tamén foron consultados/as sobre a dispoñibilidade de servizos no Camiño Inglés e polos que atoparon con algunhas deficiencias. En canto á conformidade coa dispoñibilidade de servizos no Camiño Inglés, destacan peticións relacionadas cos aloxamentos e coa escaseza de prazas, especialmente, nos albergues públicos. Nalgúns dos puntos a oferta é moito máis reducida que a demanda necesaria polo que os/as peregrinos/as vense na obriga de reprogramar o seu itinerario e desprazarse a outras localidades para pernoitar. Isto provoca unha diminución na puntuación que reciben os servizos xa que en moitas ocasións considéranos como unha experiencia negativa.

Deste xeito, no que respecta á hostalaría e restauración algunhas das demandas máis habituais son a ampliación dos horarios de servizo, unha maior variedade de pratos vexetarianos, veganos, sen glute ou diversidades nutricionais, así como unha maior presenza do menú do peregrino.

Outros aspectos que comentan están relacionados co trazado, xa que hai moitos tramos de asfalto que transitan ao carón das estradas chegando a ser perigoso. Ante esta situación expoñen a procura ou creación de itinerarios alternativos que eviten estas áreas. En canto á sinalización, indican que é necesario revisar a quilometraxe, xa que ao parecer non se corresponde co que realmente fan. Ademais, puntualizan que nas cidades (Santiago, A Coruña e Ferrol) a dificultade para seguir o Camiño é moito maior, chegando a perderse nalgúns dos casos xustamente na saída dos puntos de inicio.



Por outra banda, valoran positivamente a paisaxe a natureza aínda que existan moitos tramos urbanos, e tamén o arte e monumentos que se atopan no Camiño. É de gran importancia mencionar o feito de que as igrexas se atopen pechadas, xa que é unha queixa que se repite pola maioría de peregrinos/as.

As actividades complementarias apenas teñen presenza, ben por falta de interese por parte dos/as peregrinos/as ou por descoñecemento da oferta. No que respecta á información dispoñible sobre o Camiño Inglés a valoración é boa, a pesar de que se demandan máis recursos noutras linguas (fácil solución coa integración dun código QR), referencias específicas que divulguen o patrimonio dos recursos que se atopan no percorrido e mellorar o mantemento dos paneis informativos.

A implementación dun apartado na web da Asociación para novas (incidencias, mantementos, eventos, etc) en tempo real permitiría aumentar o alcance da mesma, xa que os/as peregrinos poderían tomala como referencia informativa durante a realización do Camiño Inglés.

Para finalizar, cómpre facer mención á importancia de manter estudos durante todos os meses do ano, ou extender os períodos de análise na medida do posible, coa fin de obter o máximo de información e trazar estratexias de desenvolvemento coa maior eficacia e precisión.

Como futuras liñas de investigación tamén podería ser de interese realizar un estudo específico sobre as actividades complementarias ofertadas no territorio e detectar as súas potencialidades, así como as debilidades polas cales non están a ter tanta presenza nas persoas que realizan o Camiño Inglés; o rol das axencias de viaxes no desenvolvemento deste Camiño; monitorizar o incremento no uso e existencia de vivendas turísticas; e/ou na promoción, difusión e comunicación do patrimonio existente nesta ruta. A accesibilidade no Camiño é tamén unha materia pendente en todas as súas vertentes. Un estudo pormenorizado dende todas as perspectivas da inclusión podería derivar nunha proposta futura para un Camiño Inglés accesible e inclusivo.

A continuación engádense unhas infografías «buyer persona» que representan de xeito sintetizado e visual a información recollida sobre os diferentes perfís.



GIADI ROSSI

Muller
35-44 anos
Nacionalidade: italiana
1ª vez facendo o Camiño Inglés

Camiño Inglés



Vía de coñecemento	Duración da viaxe	<div style="background-color: #8ebf42; color: white; padding: 10px; border-radius: 10px;"> <p style="text-align: center; margin: 0;">Motivacións</p> <p>1- Descansar, relaxarse/desconectar da rutina 2- Mellorar a condición física</p> <p style="text-align: center; margin: 10px 0 0 0;">Suxerencias</p> <p>1- Horarios da restauración 2- Máis equipamento en albergues</p> </div>
Redes sociais	5-6 días	
Lugar de partida	Gasto medio (día/persona)	
Ferrol	36-50€	
Medio de transporte	Hospedaxe	
Avión + bus	Albergues e pensións	
Planificación da viaxe	Percepción no Camiño	
De xeito autónomo	Tanto turista como peregrina	
Con quen o realiza	Satisfacción global	
Sola	Moi boa	



PEDRO JIMENEZ

Home
25-34 anos
Nacionalidade: Española (Comunidade Autónoma de Andalucía)
1ª vez facendo o Camiño Inglés

Camiño Inglés



Vía de coñecemento	Duración da viaxe	<div style="background-color: #8ebf42; color: white; padding: 10px; border-radius: 10px;"> <p style="text-align: center; margin: 0;">Motivacións</p> <p>1- Descansar, relaxarse/desconectar da rutina 2- Ter experiencias relixiosas</p> <p style="text-align: center; margin: 10px 0 0 0;">Suxerencias</p> <p>1- Aumentar o servizo de restauración 2- Incrementar as prazas de aloxamento 3- Máis zonas de descanso</p> </div>
Redes sociais e recomendación de amigos e/ou familiares	5-6 días	
Lugar de partida	Gasto medio (día/persona)	
Ferrol	76-100€	
Medio de transporte	Hospedaxe	
Avión + taxi	Hotéis, pensións e albergues	
Planificación da viaxe	Percepción no Camiño	
De xeito autónomo	Peregrino	
Con quen o realiza	Satisfacción global	
Con amigos	Boa	



MARÍA GARCÍA E FRANCISCO LÓPEZ Camiño Inglés 

 Parella (home e muller)
25-34 anos
Nacionalidade: Española (Comunidade Autónoma de Madrid)
1º vez facendo o Camiño Inglés

Vía de coñecemento Redes sociais e recomendación de amigos e/ou familiares	Duración da viaxe 5-6 días	Motivacións 1- Descansar, relaxarse/desconectar da rutina 2- Ter unha experiencia persoal/espiritual/psicolóxica diferente
Lugar de partida Ferrol	Gasto medio (día/persona) 20-35 €	
Medio de transporte Autobús e outros	Hospedaxe Albergues	
Planificación da viaxe De xeito autónomo	Percepción no Camiño Tanto turista como peregrina	
Con quen o realiza En parella	Satisfacción global Moi boa	

FAMILIA ALONSO Camiño Inglés 

 Familia
45-54 anos
Nacionalidade: Española (Comunidade Autónoma de Madrid)
1º vez facendo o Camiño Inglés

Vía de coñecemento Polo coñecemento persoal do lugar e recomendación	Duración da viaxe 5-6 días	Motivacións 1- Descansar, relaxarse/desconectar da rutina 2- Ter experiencias relixiosas
Lugar de partida Ferrol	Gasto medio (día/persona) 51-75 €	
Medio de transporte Avión	Hospedaxe Hoteles e pensións	
Planificación da viaxe De xeito autónomo	Percepción no Camiño Peregrinos	
Con quen o realiza En familia	Satisfacción global Moi boa	

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

Asociación de Amigos do Camiño Inglés. <https://www.caminoingles.gal/>

Martín, M.T. y Recio, M. (2006). Análisis de la calidad percibida y motivación del turismo rural. Madrid: Servicio de Publicaciones de la Universidad Rey Juan Carlos.

Oficina do Peregrino. <https://oficinadelperegrino.com/estadisticas2/>

Velo, I. (1996). La Coruña en el Camino de peregrinos a Santiago. A Coruña (Imprenta Mundo).

ANEXO I

ENQUIZA PARA PEREGRINOS/AS EN RUTA NO CAMIÑO INGLÉS

ENCUESTA PARA PEREGRINOS/AS EN RUTA EN EL CAMINO INGLÉS

SURVEY FOR PILGRIMS ON THE ROAD ON THE ENGLISH ROAD

ENQUÊTE POUR LES PÈLERINS SUR LA ROUTE SUR LA ROUTE ANGLAISE

GL- Estimado/a peregrino/a, agradecemos que responda a esta enquisa co obxectivo de coñecer o seu perfil, motivacións e nivel de satisfacción sobre a realización do Camiño Inglés. A enquisa está deseñada sobre 15 preguntas que non lle levará máis de 7 minutos responder. Moitas grazas pola súa colaboración. Todos os datos e información que proporcione nesta enquisa son anónimos e confidenciais, de acordo coa Lei de Protección de Datos así como co código deontolóxico que asiste á investigación social.

ES- Estimado/a peregrino/a, agradecemos que responda a esta encuesta con el objetivo de conocer su perfil, motivaciones y nivel de satisfacción sobre la realización del Camino Inglés. La encuesta está diseñada sobre 15 preguntas que no le llevará más de 7 minutos responder. Muchas gracias por su colaboración. Todos los datos e información que proporcione en esta encuesta son anónimos y confidenciales, de acuerdo con la Ley de Protección de Datos así como con el código deontológico que asiste a la investigación social.

EN- Dear pilgrim, we appreciate that you respond to this survey in order to know your profile, motivations and level of satisfaction regarding the English Way. The survey is designed around 15 questions that will take no more than 7 minutes to answer. Thank you very much for your help. All the data and information you provide in this survey will be anonymous and confidential, in accordance with the Data Protection Law as well as the code of ethics in social research.

FR- Cher pèlerin, nous vous remercions de répondre à cette enquête afin de connaître votre profil, vos motivations et votre niveau de satisfaction concernant l'achèvement du Chemin Anglais. Le sondage est conçu autour de 15 questions auxquelles il ne faudra pas plus de 7 minutes pour répondre. Merci beaucoup pour votre collaboration. Toutes les données et informations que vous fournissez dans cette enquête sont anonymes et confidentielles, conformément à la loi sur la protection des données ainsi qu'au code de déontologie qui aide à la recherche sociale.

1. Sexo/ Sexo/ Gender/ Genre

Home/ Hombre/ Male/ Homme	Muller/ Mujer/ Female/ Femme
---------------------------	------------------------------

2. Idade/ Edad/ Age/ Âge

18-24	
25-34	
35-44	
45-54	
55-64	

65-74	
Máis de 75/ Más de 75/ Over 75/ Plus de 75 ans	

3. Procedencia/ Procedencia/ Origin/ Origine

Galicia/ Galicia/ Galicia/ Galice	Especificar provincia/ province/ province _____
España/ España/ Spain/ Espagne	Especificar provincia/ province/ province _____
Internacional/ Internacional/ Internati onal/ International	Especificar país/ país/ country/ pays _____

4. Como coñeceu o Camiño Inglés? (Pode marcar varias opcións)/ ¿Cómo conoció el camino inglés? (Puede marcar varias opciones)/ How did you know about the English way (You can mark several options)/ Comment avez-vous connu la voie anglaise ? (Vous pouvez cocher plusieurs options)

Redes sociais e Internet/ Redes sociales e Internet/ Internet and social networks/ Réseaux sociaux et Internet	
Páxina web institucional/ Página web institucional/ Institutional web page/ Site institutionnel	
Noticias en prensa (impresa ou dixital)/ Noticias en prensa (impresa o digital)/ Press news (printed or digital)/ Actualités sous presse (imprimée ou numérique)	
Publicidade en medios convencionais ou especializados/ Publicidad en medios convencionales o especializados/ Advertising in conventional or specialized media/ Publicité dans les médias conventionnels ou spécialisés	
Promoción institucional en feiras turísticas/ Promoción institucional en ferias turísticas/ Institutional promotion in tourist fairs/ Promotion institutionnelle dans les foires touristiques	
Axencia de Viaxes/ Agencias de Viages/ Travel Agencies/ Agences de voyages	
Recomendacións de amigos e/ou familiares/ Recomendaciones de amigos y/o familiares/ Recommendations from friends and/or family/ Recommandations d'amis et/ou de famille	
Pertenza a un grupo católico e/ou actividade parroquial/ Pertenencia a un grupo católico y/o actividad parroquial/ Membership of a Catholic group and/or parish activity/ Appartenance à un groupe catholique et/ou activité paroissiale	
Coñecemento persoal do lugar/ Conocimiento personal del lugar/ Personal knowledge of the place/ Connaissance personnelle du lieu	
Asociación de amigos do Camiño de Santiago/ Asociación de amigos del Camino de Santiago/ Association of friends of Camiño de Santiago/ Association des amis du Camino de Santiago	

5. Realizara en outras ocasións este mesmo Camiño? En caso afirmativo, indique o número de veces que fixo este Camiño/ ¿Ha realizado es mismo Camino en otras ocasiones? En caso afirmativo, indique el número de veces que ha hecho este camino/ Have you done the same Way on other occasions? If yes, please indicate the number of times you have traveled this path/ Avez-vous fait le même Camino à d'autres occasions ? Si oui, veuillez indiquer le nombre de fois que vous avez parcouru ce chemin

- Si/ Sí/ Yes/ Oui
- Non/ No /No / No

1	
---	--

2	
3	
Máis de 4 veces/ Más de 4 veces/ More than 4 times/ Plus de 4 fois	

En el caso de haber realizado otros Caminos, indique cuál(es).

Camino Francés	
Camino Primitivo	
Camino Portugués	
Camino del Norte	
Camino Vía de la Plata	
Camino Costa Portugués	
Camino de Invierno	
Muxía-Finisterre	

6. Motivo da realización deste Camiño (Pode marcar varias opcións)/ Motivo de la realización de este Camino (Puede marcar varias opciones)/ The reason for choosing this Way (You can mark several options)/ Raison de la réalisation de ce Chemin (Vous pouvez cocher plusieurs options)

Descansar, relaxarse, desconectar da rutina/ Descansar, relajarse, desconectar de la rutina/ Rest, relax, disconnect from the routine/ Se reposer, se détendre, se déconnecter de la routine	
Ter unha experiencia persoal/espiritual/psicolóxica diferente/ Tener una experiencia personal/espiritual/psicolóxica diferente/ To have a different personal / spiritual / psychological experience/ Avoir une expérience personnelle / spirituelle / psychologique différente	
Desfrutar do tempo libre coa miña familia/amigos/as/ Disfrutar del tiempo libre con mi familia/amigos/as/ Enjoy free time with my family / friends/ Profiter du temps libre avec ma famille / mes amis	
Mellorar miña condición física ou saúde mediante o exercicio/ Mejorar mi condición física o salud mediante el ejercicio/ To improve my physical condition or health through exercise/ Améliorer ma condition physique ou ma santé grâce à l'exercice	
Coñecer o patrimonio cultural dos lugares da ruta/ Conocer el patrimonio cultural de los lugares de la ruta/ Get to know the cultural heritage of the places on the route/ Connaître le patrimoine culturel des lieux du parcours	
Coñecer a gastronomía dos lugares da ruta/ Conocer la gastronomía de los lugares de la ruta/ Get to know the gastronomy of the places along the route/ Conocer la gastronomía de los lugares de la ruta	
Desfrutar da paisaxe e ter contacto directo coa natureza/ Disfrutar del paisaje y tener contacto directo con la naturaleza/ To enjoy the landscape and to have a direct contact with nature/ Profiter du paysage et avoir un contact direct avec la nature	
Atopar diversión, aventura e emocións intensas/ Encontrar diversión, aventura y emociones intensas/ To have fun, adventures and intense experiences/ Trouvez du plaisir, de l'aventure et des émotions intenses	
Ter experiencias relixiosas/ Tener experiencias religiosas/ To live religious experiences/ Avoir des expériences religieuses	
Cumprir unha promesa ou tradición/ Cumplir una promesa o una tradición/ To fulfill a promise or a tradition/ Tenir une promesse ou une tradition	
Coñecer xente nova/ Conocer gente nueva/ To meet new people/ Rencontrer de nouvelles personnes	

Facer fotografías e compartir a experiencia en redes sociais (Instagram, Facebook, Tik Tok...)/Hacer fotografías y compartir la experiencia en redes sociales/ Take pictures and share the experience on social networks (Instagram, Facebook...)/ Prenez des photos et partagez l'expérience sur les réseaux sociaux (Instagram, Facebook...)	
Coñecer un destino de moda/ Conocer un destino de moda/ Get to know a trendy destination/ Découvrez une destination tendance	
Realizar unha forma de viaxar máis barata/ Realizar una forma de viajar más barata/ To travel in a cheaper way/ Voyagez moins cher	

7. Con quen realiza o Camiño Inglés nesta ocasión?/ ¿Con quién realiza el Camino Inglés en esta ocasión?/ With whom are you walking the English Way this time?/ Avec qui l'English Way fait-il cette fois-ci ?

Só/ Solo/ Alone/ Seul	
En parella/ En pareja/ With my partner/ Avec mon conjoint	
En familia (con fillos ou outros familiares)/ En familia / With my family/ Avec famille	
Con amigos/ Con amigos/ With my friends/ Avec mes amis	
Cun grupo de turistas/ Con un grupo de turistas/ With a tourist group/ Avec un groupe de touristes	
Coa miña mascota/ Con mi mascota/ With my pet/ Avec mon animal de compagnie	

8. Forma de planificación da realización do Camiño/ Forma de planificar la realización del Camino/ How have you planned this trip along the Way/ Façon de planifier la réalisation du Camino

Seguindo recomendacións de amigos ou familiares/ He seguido recomendaciones de amigos o familiares/ Following recommendations from friends or family/ J'ai suivi les recommandations d'amis ou de la famille	
A través dunha axencia de viaxes/ A través de una agencia de viajes/ Through a Travel Agency/ Par l'intermédiaire d'une agence de voyage	
A través dunha asociación ou agrupación/ A través de una asociación o agrupación/ Through an association or group/ Par le biais d'une association ou d'un groupement	
Autodidacta/autónomo/ Autodidacta/autónomo/ Self-taught/autonomous/ Autodidacte / autonome	

9. Onde comezou o Camiño Inglés?/ ¿Dónde comenzó el Camino Inglés?/ Where did you started the English Way?/ Où as-tu commencé à faire le Camino Ingles

Ferrol/ Ferrol/ Ferrol/ Ferrol	
A Coruña/ A Coruña/ A Coruña/ A Coruña	
Outro/ Otro/ Other/ Outres _____	

¿Qué medios de transporte utilizó para llegar? /How did you get there?

Avión	
Tren	
Barco	
Autobús	
Autocaravana/Roulot	
Coche particular	

Taxi	
Otro _____	

10. Duración prevista da realización deste Camiño con pernoita/ Duración prevista de realización de este camino/ Estimated time to complete this Way/ Durée prévue de réalisation de ce parcours

1-2 días/ 1-2 días/ 1-2 days/ 1-2 jours	
3-4 días/ 3-4 días/ 3-4 days/ 3-4 jours	
5-6 días/ 5-6 días/ 5-6 days/ 5-6 jours	
7-8 días/ 7-8 días/ 7-8 days/ 7-8 jours	
9-10 días/ 9-10 días/ 9-10 days/ 9-10 jours	
Máis de 10 días/ Más de 10 días/ More than 10 days/ Plus de 10 jours	

11. Cales das seguintes opcións define mellor a súa experiencia na ruta?/ ¿Cuáles de las siguientes opciones define mejor su experiencia en la ruta?/ Which of the following options best defines your experience on the route?/ Lequel des énoncés suivants définit le mieux votre expérience sur la route ?

Son peregrino/a/ Soy peregrino/a/ I am a pilgrim/ Je suis un pèlerin	
Son tan peregrino/a como turista/ Soy tan peregrino/a como turista/ I am a pilgrim as I am a tourist/ Je suis pèlerin comme touriste	
Son turista/viaxeiro/ Soy turista/viajero/ I am a tourist/traveller/ Je suis touriste/voyageur	

12. Seleccione o tipo de aloxamentos nos que pernoctou (pode marcar máis dunha opción de tipo de aloxamento na columna X) e valóleos sendo 1 moi malo e 5 moi bo/ Seleccione el tipo de alojamientos en los que pernoctó (puede marcar más de una opción en la columna X)/ Select the type of accommodation you stayed in (you can check more than one option)/ Sélectionnez le type d'hébergement dans lequel vous avez séjourné (vous pouvez cocher plusieurs options dans la colonne X)

	X	1	2	3	4	5
Hotel/ Hotel/ Hotel/ Hotel						
Hostal/Pensión/ Hostal/Pensión /Hotel/Boardinghouse/ Auberge/Maison d'hôtes						
Albergue/ Albergue/ Hostel/ Auberge						
Cámping/ Cámping/ Camping/ Camping						
Casa Rural/ Casa Rural/ Rural House/ Maison rurale						
Balneario/Spa/ Balneario/Spa/ Spa						
Vivenda turística ou apartamento turístico/ Vivienda turística o apartamento turístico/ Tourist housing or tourist apartment/ Logement de tourisme ou appartement de tourisme						
Vivenda familiar ou de amigos/ Vivienda familiar o de amigos/ Family or friend's house/ Maison de famille ou d'amis						

13. En canto estima o gasto medio por día e por persoa (sen contar Santiago)?/ ¿En cuánto valora el gasto medio por día y por persona (sin contar Santiago)?/ How much do you estimate your average expenditure per day and per person (not counting Santiago)?/ A combien estimez-vous la dépense moyenne par jour et par personne (sans compter Santiago) ?

Menos de 20 euros/ Menos de 20 euros/ Less than 20 euros / Moins de 20€	
De 20 a 35 euros/ De 20 a 35 euros/ Between 20 and 35 euros/ De 20 à 35 euros	
De 36 a 50 euros/ De 36 a 50 euros/ Between 36 and 50 euros/ De 36 à 50 euros	
De 51 a 75 euros/ De 51 a 75 euros/ Between 51 and 75 euros/ De 51 à 75 euros	
De 76 a 100 euros/ De 75 a 100 euros/ Between 76 and 100 euros/ De 76 à 100 euros	
De 101 a 125 euros/ De 101 a 125 euros/ Between 101 and 125 euros/ De 101 à 125 euros	
De 126 a 150 euros/ De 126 a 150 euros/ Between 126 and 150 euros/ De 126 à 150 euros	
De 151 a 175 euros/ De 151 a 175 euros/ Between 151 and 175 euros/ De 151 à 175 euros	
Máis de 175 euros/ Más de 175 euros/ More than 175 euros/ Plus de 175 euros	

14. Valore o seu nivel de satisfacción sobre o Camiño Inglés. Marque, segundo estime para cada un dos apartados/ Valore su nivel de satisfacción sobre el Camino Inglés. Marque conforme estime adecuado para cada uno de los apartados/ Rate your level of satisfaction on the English Way. Check an appropriate answer for each section/ Évaluez votre niveau de satisfaction sur l'English Way. Cochez ce que vous jugez approprié pour chacune des sections

	Moi bo/ Muy bueno/ Very Good/ Très bon	Bo/ Bueno/ Good/ Bon	Regular/ Regular/ Regular/ Régulier	Malo/ Malo/ Bad/ Mauvais	Moi Malo/ Muy malo/ Very bad/ Très mauvais	NS/NC/ NS/NC/ DK/DA/ NS/NR
Atención recibida nos establecementos de restauración/ Atención recibida en los establecimientos de restauración/ Customer service in catering establishments/ Attention reçue dans les établissements de restauration						
Trazado do Camiño/ Trazado del Camino/ Path tracing along the way/ Tracer du Camino						
Mantemento do Camiño/ Mantenimiento del camino/ Maintenance of the Way/ Maintenance du Camino						
Sinalización do Camiño/ Señalización del Camino/ Signals along						

the Whay/ Balisage du Camino						
Hospitalidade/ Hospitalidad/ Hospitality/ Hospitalité						
Seguridade/ Seguridad/ Security/ Sécurité						
Gastronomía/ Gastronomía/ Gastronomy/ Gastronomie						
Paisaxe e natureza/ Paisaje y naturaleza/ Landscapes and nature/ Paysage et nature						
Arte e monumentos/ Arte y monumentos/ Art and monuments/ Art et monuments						
Actividades complementarias/ Actividades complementarias/ Complementary activities/ Activités complémentaires						
Información dispoñible sobre o Camiño/ Información disponible sobre el Camino/ Available information about The Way/ Informations disponibles sur le Camino						
Accesibilidade para persoas con diversidade funcional/ Accesibilidad para personas con diversidad funcional/ Accessibility for people with disabilities/ L'accessibilité pour les personnes handicapées						

Valoración global do Camiño Inglés/ Valoración global del Camino Inglés/ Global assessment of the English Way/ Évaluation globale du Camino Anglais						
--	--	--	--	--	--	--

15. Cree que o Camiño Inglés dispón de suficientes servizos para o peregrino? No caso de responder NON, por favor mencione as melloras que vostede proporía/ ¿Cree que el Camino Inglés dispone de suficientes servicios para el peregrino? En caso de responder NO, por favor mencione las mejoras que usted propondría/ Do you think there are enough pilgrims services along The Way? If you answer NO, please mention the improvements that you would propose/ Pensez-vous que le Camino Anglais a suffisamment de services pour le pèlerin ? Si vous répondez NON, merci de mentionner les améliorations que vous proposeriez

- Si/ Sí/ Yes/ Oui
- Non/ No/ No/ No



FERROL
SANTIAGO

DISTANCIA
113,4 Km

A CORUÑA
SANTIAGO

DISTANCIA
73,0 Km



- 1 Ferrol
- 2 Narón
- 3 Neda
- 4 Fene
- 5 Cabanas
- 6 Pontedeume
- 7 Miño
- 8 Paderne
- 9 Betanzos
- 10 Abegondo
- 11 A Coruña
- 12 Culleredo
- 13 Cambre
- 14 Carral
- 15 Mesía
- 16 Ordes
- 17 Oroso
- 18 Santiago de Compostela

